


DOCUMENTO Documento de TREWA: S-15 2016 Acta administrativa	IDENTIFICADORES a: TD05_DECLARACION, b: 78252 90777
OTROS DATOS Código para validación: M14DU-QBA0R-YH6AK Fecha de emisión: 28 de noviembre de 2016 a las 9:34:27 Página 1 de 1	FIRMAS El documento ha sido firmado por : 1.- J. SECC. CONTRATACION de AYTO.CORUÑA.Firmado 21/11/2016 09:19 2.- CONCELLEIRA DE FACENDA E ADMON. de AYTO.CORUÑA.Firmado 24/11/2016 17:09  ESTADO <b>FIRMADO</b>



Servizo de Contratación  
Ref. S-15 □43010I02N1 □430/2016/112  
Acta apertura administrativa

**ACTA**

**Presidenta**  
Mª Eugenia Vieito Blanco

**Vogais**  
Juan José Anido Hermida (acctal.)  
María Hernández García (acctal.)  
Beatriz Mariño Vila

**Secretaria**  
Mónica Vales Rodríguez (acctal.)

Na Biblioteca adscrita á Secretaría Xeral das Casas Consistoriais da cidade da Coruña, sendo as nove horas e corenta e seis minutos do día dezasete de novembro de dous mil dezaseis, reúnese a Mesa de contratación cos asistentes que á marxe se reseñan, para abrir e cualificar os sobres que conteñen a documentación administrativa que presentan en tempo e forma os licitadores ao procedemento aberto con diversos criterios de valoración para contratar a **subministración e instalación de sistemas de detección automática de incendios a disposición de persoas desfavorecidas no concello da Coruña**.

Pola presidencia ordena a apertura dos sobres, e os membros da Mesa examinan os documentos presentados polos licitadores, que resultaron ser os seguintes:

- Número un-** Chubb Parsi
- Número dous-** Sistemas de Seguridade A1, S.L.

Aos efectos previstos no art. 81 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, eu, a secretaria da Mesa de contratación, certifico neste acto que todos licitadores presentan os documentos esixidos no prego de cláusulas administrativas particulares.

A Mesa acorda admitir a todos os licitadores presentados ao procedemento por achegar toda a documentación esixida, e publicar o resultado desta apertura na web municipal, perfil do contratante, de conformidade co previsto no prego de cláusulas administrativas particulares regulador do procedemento.

De acordo co art. 27 do RD 81/2009, a apertura dos sobres que conteñen as ofertas técnicas realizaránse en acto público no lugar e hora que se anunciará oportunamente no perfil do contratante da web municipal.

E sendo as nove horas e corenta e oito minutos do día ut supra indicado, dáse por rematado este acto e esténdese a presente acta, de cuxo contido eu, a secretaria accidental da Mesa, dou fe.

Visto e prace

A presidenta da Mesa

Mª Eugenia Vieito Blanco

Mónica Vales Rodríguez